

GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO-(CANTO) I-VI**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO(CANTO) I-VI										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía, Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Canto		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Non se requiren coñecementos previos para o primeiro cuatrimestre. Para os seguintes cuatrimestres, os adquiridos no cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Ten relación de maneira directa coa disciplina de coro.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	EM4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Responder con control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a.	T3, T6, X3,X6, X11, EM4
Disfrutar da experiencia gratificante que pode supoñer o encontro do timbre persoal da voz e cómo se pode mellorar a súa calidade sonora.	T2, T3, T6, T15, X3, X6, X8, X11, X13, EM4
Exercitarse auditivamente sobre o timbre da propia voz e procura de distintos cores vocais.	T2, T3, T6, T15, X3,X6, X11, X24, EM4
Realizar as interpretacións demostrando o suficiente control corporal, cunha correcta respiración e emisión vocal, asimilando asemade actitudes que se deben eliminar por resultar nocivas.	T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3,X6, X11, X21, EM4
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo, tanto para ampliar coñecementos mediante a escoita de cantantes diversos como para facer gravacións na clase e nas audicións e facer exercicio de autocrítica.	T2, T3, T6, T15, X1
Aplicar toda a vagaxe de coñecementos no desenvolvemento da súa vida profesional.	T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3,X6, X8, X21, X24, EM4

4. CONTIDOS
A respiración. Anatomía e fisioloxía. Mecanismos de respiración no canto
Hixiene vocal. O aparello fonador.
A afinación e lectura a primeira vista



As TIC e os seus beneficios no estudio.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúe o alumno/a ao comezo do curso, e exposición das expectativas que ten cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual (Tempo de estudo individual do alumno, que dedicará á práctica vocal, en clase ou na casa)	Presencial e Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase (tempo especial de titoría)	Esporádica
Actividades de avaliación: 1. Probas Audición de repertorio adecuado á súa voz, no que demostre o suficiente control técnico durante a interpretación do mesmo. 2. Revisión de probas	1. Presencial 2. Non presencial (tempo especial de titoría)	Medio e final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*